

Día das escritoras

2022



Antes, durante e despois das guerras





O principio

Paula Carballeira
Kalandraka, 2012

Houbo unha vez unha guerra.

Despois da guerra, quedamos sen casa.

-Non importa -dixo miña nai-. Temos un coche.

Fomos vivir ao coche.

Desde entón, vivir era viaxar.



A cidade do átomo

Iria Misa
Xerais, 2021

Lena non podería dicir con exactitude cantos abrentes, cantas mañás de sol e tardes de choiva pasaran desde aquilo, desde o día en que os habitantes de Prípiat se viran na obriga de abandonar as súas casas ás présas... ela nunca deixara de achegarse alí coa esperanza de ser testemuña do regreso dos adultos... Algúns nenos aseguraban que as súas nais e os seus pais permanecían prisioneiros das forzas inimigas occidentais, responsables do accidente no reactor catro da planta de Chernóbil; outros, que acudiran á central para axudar a sufocar o incendio e que alí traballaban sen descanso, evitando dese xeito que todo estoupase polos aires.

(ibídem, p. 13)

-Estimados camaradas! -botou a falar á fin Andrei Todorov-...O que hoxe temos que trasladarvos é de vital importancia!

-Como sabedes, temos a fundada sospeita de que os servizos secretos occidentais manteñen as nosas nais e os nosos pais retidos contra a súa vontade!

... -Seguimos baixo a ameaza dos complots espías, non debemos baixar a garda! Somos susceptibles de padecer unha nova conspiración semellante á que propiciou o ataque sen precedentes sobre a nosa central nuclear!


... -Non temades, camaradas! A nosa valentía ten que ser grande nestes momentos! Debemos ser fortes! Lembra de, pertencemos ao grandísimo pobo soviético! Somos traballadores das Repúblicas Socialistas!

(ibídem, pp. 41-2)

O desfile comezou ao ritmo descompasado dos maltreitos instrumentos que portaban os membros da banda de música. Tras eles, os Novos Pioneiros, cos seus panos vermellos anoados no pescozo e as insignias ben visibles nas lapelas, marchaban orgullosos, entoando con voces anxelicais o himno “Que sempre brille o sol”

... O resto dos pequenos habitantes da cidade uníronse a eles... Todos os traballadores da cidade participaron no desfile... amosando pancartas feitas por eles mesmos con optimistas consignas sobre os traballadores e o réxime: “Saúde para o pobo”; “Paz, traballo, maio”; “O átomo, un traballador máis, non un soldado”; “Paz, ciencia e exploración”; “O pobo e o partido o mesmo son”.

(ibídem, pp. 150-1)



Feminino singular. en plural +

Concha Blanco
Baía Edicións

Rebeldes con causa

Unha mágoa son os dramas
que están fora do teatro
como o das DÚAS MARÍAS
representado en Santiago
acosadas, perseguidas
por mor de ideoloxías

Fandiño Ricart, once irmáns
entre as que estaban elas
Maruxa e Coralia, costureiras
co taller en Compostela,
sempre xuntas para todo
coma irmás e compañeiras

AS DÚAS EN PUNTO
tamén se lles chamaba
pois esa era a hora
á que á Alameda chegaban
para pasear de ganchete
a lucir as súas galas
de roupas estrafalarias
e con pos de arroz maquilladas.

Relacionadas coa esquerda
vaia vida que sufriron
un irmán asasinado
e outros dous que fuxiron
ata que os apresaron
nun cárcere alí metidos

Rexistrábanlle a vivenda
e espianas na rúa
esta vida, un pesadelo
levounas a esa loucura
porque antes eran cordas
no seu día a día sinxelo

Nin elas co seu traballo
nin seu pai de zapateiro
evitaron seren pobres
os mais pobres do rueiro

Xa non lles encargaban traxes
para encheren os roupeiros.

A guerra é un mal maior
que amais de persoas mortas
a quen pensa doutro xeito
vanlles pechando as portas
como a Maruxa e Coralia
aniquilándolles as forzas

Privadas do seu traballo
e sen teren que comer
non admitían esmolos
para os seus corpos quecer

Axudas anónimas
soubéronas fortalecer.

A perdeu o tellado
por causa dun temporal.
É doado imaxinar
que pasaron moi mal

A solidariedade dos veciños
xuntoulles un capital

Na década dos sesenta
estas irmás singulares
eran de Compostela
personaxes populares
cortexando aos estudantes
oriúndos doutros lugares

Eran os seus subconscientes
con actos de rebeldía
demandando liberdade
que por xustiza pedían
xa que ter ideas propias
non son delitos na vida.

Na Alameda de Santiago
teñen o seu monumento
homenaxe á diversidade
de xente e de pensamento.

A Maruxa e a Coralia
co noso agradecemento!



Tristes armas

Marina Mayoral

Xerais, 2009

Unha neboenta mañá de outono de hai moitos anos, Harmonía e Rosa saíron do orfanato da Nosa Señora do Cristal para coller o barco que había de levalas a Rusia. Non eran unhas nenas orfas. Estaban alí por cousas da Guerra Civil e tamén do mal entendemento entre as familias.

O pai estaba na fronte loitando como soldado co exército da República, e a nai traballaba de enfermeira nun hospital de campaña. Harmonía e Rosa tiñan tíos e parentes, pero eran de ideas contrarias ás de seus pais e eles preferiron deixalas no orfanato antes que na casa dunhas xentes que criticaban a súa postura en asunto tan importante como o que se estaba ventilando. Ás nenas non lles preguntaron a súa opinión: díxéronlles que era cousa de poucos días e que enseguida volverían por elas. Daquilo había case un ano.

Os pais ían velas sempre que podían, pero era poucas veces, e elas, acostumadas á liberdade de moverse ao seu antollo pola vila, sentíanse pechadas naquel casarón solitario e aburrido. Así que Harmonía recibiu con alegría a idea de deixar o orfanato e facer unha viaxe en barco e coñecer sitios novos. E Rosa tamén ía contenta...

O autocar que as recolleu para levalas ao porto de Xixón ía cheo de nenos coma elas, pero non parecían moi felices e non houbo cantos nin risas nin xogos como noutras excursións que Harmonía recordaba, e por iso empezou a pensar que igual aquela viaxe non era tan bonita...

No porto de Xixón agardábaas seu pai. Estaba moi mouro e delgado, e tiña unha barba que lle tapaba a metade da cara; levaba un capote que nunca lle viran e un fusil ás costas. Case non o recoñeceron. Abrazounas e refregoulles a cara coa súa, e Rosa dícialle rindo: Ai, como picas! O pai seguía a abrazalas e facía un ruído co nariz coma se sorbese os mocos. Rosa ría, pero Harmonía decatouse de que non era cousa de risa e preguntoulle: Ata cando estaremos alí? E o pai dixo: Moi pouco tempo. Deseguida estaremos todos xuntos e contentos.


(ibídem, pp. 11-13)

Os nenos españois vivían en residencias que se chamaban precisamente “casas dos nenos”, e estaban a cargo dunha persoa designada polas autoridades para coidalos e atendelos no que necesitasen. A que rexentaba a casa onde foron vivir Rosa e Harmonía era unha muller aínda nova que perdera ao seu home na guerra de España, loitando coas brigadas internacionais. Ao non ter fillos, dedicábase por vocación a aquel traballo de coidar os nenos refuxiados de guerra.

(ibídem, p. 17)

mamáña, nós queríamos saír a dicirche adeus cando nos chamaches, pero non nos deixaron, dicían que ía marchar o barco. Ti non teñas pena que nós estamos ben, e a tía non ten razón, que nós sabemos que ti pensas máis en nós que na política e que grazas a ti e a papá todos imos ser máis felices enseguida, cando veñades buscarnos.

(ibídem, p. 29)



Os pais de Harmonía e Rosa seguían loitando, pero cada vez con menos esperanzas de que aquilo acabase ben, e máis desenganados do que se podía conseguir coas guerras.

(ibídem, p. 41)

Miguel caeu na batalla do Ebro. Un morto máis naquela guerra na que morreron un millón e españois. Non tivo nin sequera unha tumba onde os seus puidesen recordalo: unha fosa común recolleu o seu corpo cos de moitos outros caídos.

Carmiña recibiu unha concisa comunicación oficial da morte e pouco despois un paquetiño no que unha man xenerosa recollera as escasas pertenzas que os soldados levan consigo e queren facer chegar como recordo á súa familia: unha medalla, un reloxo, o anel de casado, unha carta...

(ibídem, p. 48)

Nada máis cruzar a Francia, eran recibidos por soldados que desarmaban aos españois e levaban a todo o mundo, feridos ou non, a uns campos de refuxiados que máis ben parecían de concentración, dado o miserable das condicións. Carmiña decatouse de que eran tratados como prisioneiros máis que como seres libres...

(ibídem, p. 56)

Despois de tres anos de loita, os chamados nacionais gañaron a guerra e pouco a pouco en España empezou a normalizarse a vida. Por fin, un día, as cartas que agardaban na fronteira francesa puideron entran no país, aínda que iso non quería dicir que circulasen libremente, pois para chegar ao seu destinatario debían pasar unha censura.

As cartas que viñan de países que axudaran ao bando dos vencidos eran consideradas sospeitosas polos vencedores, porque supoñían que podían ser de espías ou axentes dedicados a organizar ou apoiar a resistencia, a oposición ao Goberno.

(ibídem, p. 64)

O xefe de Correos non era un cínico; só se enganaba un pouco a si mesmo como fai case todo o mundo e, aínda que no fondo se sentía algo avergoñado de estar abrindo as cartas dos seus veciños, xustificábase pensando que o facía polo ben da Patria.

(ibídem, p. 79)

De novo a guerra, agora mundial, abriu un foxo insalvable entre as nacións, encheu de mortos a terra e condenou á soidade a moitos dos que sobreviviron.

(ibídem, p. 83)

Mentres, en Rusia, a vida seguía sen grandes cambios para os refuxiados españois... De vez en cando, producíanse intentos de repatriación que case nunca se levaban a cabo, en parte polo escaso entusiasmo que poñía na tarefa o Goberno de España e en parte pola mala disposición de Rusia de devolvelos a un país cun réxime fascista.

Os rapaces... dedicábanse a estudar o idioma do país e a irse preparando para exercer un traballo ou unha profesión. E tamén, pola súa conta, a crear lazos e relacións que suplisen a falta de familias e os axudasen a vencer o sentimento de soidade, de saberse sós nunha terra allea.

(ibídem, p. 95)



Memoria do silencio

Eva Mejuto
Xerais, 2019

...o volframio é indispensable para os nosos exércitos, para o noso armamento, e no noroeste de España téñeno a esgalla.

(ibídem, p. 15)

-Das nosas minas extraen o metal co que fan os tanques e as armas para matar esta xente toda. Desde o goberno, aínda lles dan as grazas por viren. E a veciñanza, a gañar o cartto a custa da morte allea. Férveme o sangue só de pensalo, xúrovoló que no sei que lles facía...

(ibídem, pp. 55-6)

...Detivéronme e leváronme a uns galpóns de madeira no campo...

Eramos máis de cincuenta mulleres no meu barracón e polas noites había moitos ruidos... O tictac do reloxo na miña orella marcaba o tempo e o ritmo da orquestra do meu maxin. Que poder tan impresionante ten a mente: eu escoitaba perfectamente o piano, os clarinetes, a tuba... As presas pensaban que estaba tola cando erguía a man agarrando unha batuta inexistente para pór orde neses músicos s que só estaban na miña imaxinación... metéuseme na cabeza facer unha orquestra coas demais refuxiadas.

O tempo, agás as horas de traballo no campo, pasaba tan lento que se facía insoportable loitar contra os propios pensamentos, que acababan devorándonos por dentro. Tanto teimei co tema da orquestra que os vixías nos deron frautas vellas e violíns enferruxados do vello conservatorio da vila e, batendo cos pés no chan para marcar o ritmo, mesmo puidemos arrincaarlle catro notas xeitosas a aquela ferralla. Aquilo no era música, aquilo foi un milagre. Un cativiño do campo, fillo dunha muller polaca, estaba a chorar o día enteiro de fame e frío... Cando fixemos soar a primeira melodía... parou de chorar e dedicounos un aceno que semellaba un sorriso.

(ibídem, pp. 30-1)

... Saír daquel inferno, pola axuda dun contacto da embaixada británica que me recoñeceu grazas á orquestra de mulleres que montei... Supoño que desde alí artellan todo isto. Quen sabe. Non recibín máis indicación que os billetes de tren, a roupa e o rosario e o nome en clave da persoa que me ía facilitar o paso cara a Portugal: A Nai.


(ibídem, p. 93)

Desde que don Aristides nos propuxera formar parte da rede, non pasou unha semana que non chegasen homes, mulleres e crianzas onda nós en busca de refuxio e traslado cara a Portugal. A meirande parte eran xudeus, e xa nos afixeramos a facerlles comida que puidesen comer, sen porco nin marisco.

(ibídem, p. 51)

Empezamos coas falsificacións dos documentos de identidade. Esa foi a nosa primeira misión. Non podo negar que era excitante sentir, dalgún modo, que estabamos a mudar a Historia, con maiúsculas. Cambiando as sinaturas e a marca do "J" coa que se disgnaba os xudeus. Facilitabamos que, polo menos ao principio, os donos dos pasaportes puidesen viaxar e acceder a postos de traballo que, na altura, xa lles estaban vetados.

(ibídem, p. 68)



-Un amigo meu da Coruña, Antonio Sánchez, marchou en febreiro á División Azul, a loitar contra Rusia do seu lado, a cincuenta graos baixo cero na batalla de Krasni Bor, que lles parece? Para que vexan que nós tamén contribuímos á causa. Sánchez, vaia home patriota e valente. Ese, e moitos outros voluntarios españois que están arriscando a súa vida por axudar a Alemaña a ganarlle a guerra aos comunistas e aos roxos, que andan por todo o lado como carrapatos, a ver se acabamos con eles dunha vez.

-E aos xudeus, non esqueza -apuntou Jörg...

-Que teima teñen vostedes cos xudeus, caramba. Aquí botámoslos fóra nos tempos dos Reis Católicos, hai máis de catrocentos anos...

...non queremos saber dos xudeus de hai 400 anos, queremos saber dos que están a fuxir cara a Portugal, nunha rede ben organizada desde o norte de Europa. Sospeitamos que hai altos cargos diplomáticos implicados, tamén de España e Portugal, e parécenos increíble que vostedes non atopasen nada raro nestes meses. Por forza tiveron que vir ata acó os seus enlaces...

... Pense que imos ter unha rede de espías diante das nosas caras. Mal saben vostedes que aquí non se move unha folla sen que nós o saibamos... Temos a veciñanza ben agarrada polos collóns, non sabe o que se chega a facer por medo... Fágame caso, aquí non hai onde rañar.

... Faremos todo o que estea nas nosas mans e nas nosas armas por axudalos, que non se diga que non colaboramos coa grande Alemaña. Finalmente, andamos no mesmo bando... e así celebramos a irmandade xermánico-española. Polo seu Führer e polo noso Caudillo.

(ibidem, pp. 79-81)

Só unha semana máis, capitán. Nunha semana terei as probas concluíntes, non podo adiantarlle nada pero estamos na pista certa, temos probas irrefutables. A Garda Civil española non é de moita axuda, andan máis preocupados de amosar, infantilmente, o seu poder que de axudarnos. Si, si. Son un goberno amigo pero os xudeus resúltanlles indiferentes e andan máis pendentos de sacar beneficio do contrabando que de axudarnos na nosa misión. Si, por iso non lle interesa que andemos moito por aquí. Por suposto que lles deixamos ben claro quen manda e mandará en Europa e no resto do mundo, si.

(ibidem, p. 122)

...ía cruzar ás 7.00 exactas da mañá, á hora de cambio de quenda. Os gardas comprometéranse a facer a vista gorda e deixalo pasar, facilitarlle o paso. A tregua da vixilancia acabaría no intre en que o visen cruzar, san e salvo, e poñer o seu chapeu. Ese era o sinal acordado para saberen que era el. A partir dese intre, as ordes estaban claras. Disparar a morte a todo o que se movese tentando cruzar a fronteira, fose o motivo que for.

... Os dous gardas mirárona e, lonxe de apuntala coas súas armas, usábanas para indicarlle o camiño, para indicarlle a ruta que había de seguir.

-Vai embora, vai lá embora, corre...

...De súpeto escoitou un, dous, tres, tantos disparos ás súas costas que non foi quen de contalos, ían noutra dirección, cara ao río. Sentiu un berro e o ruído dun corpo que caía na auga. Seguiu correndo, sen mirar atrás. A liberdade cheiraba a follas de carballo e de piñeiro, e a terra mollada polo orballo. Nese intre, amenceu.

(ibidem, pp. 144-5)



Incesante vagalume

Ana María Fernández Martínez

Galaxia, 2021, p. 68

Receita

Ando ás cegas entre acordos, marxes e fronteiras.
Sóbeme a temperatura,
dóeme a tripa,
danme ataques de ansiedade
ao contemplar os rostros da maldade.
Preciso dun xarope con urxencia
para convivir cos disfraces da traxedia,
para dixerir o veneno da existencia,
para coñecer os motivos de tanta desolación,
para procurar unha saída á depresión,
ao mal de ollo,
á barbarie da guerra,
á emigración forzosa,
á construción de muros,
á perda dos sorrisos,
á demencia colectiva que xustifica a bágoa,
sempre que sexa noutros ollos...
Doutor, necesito unha receita,
un medicamento eficaz contra as pandemias,
unha pílula de poesía,
e... non me diga que xa non se fabrican!



Un animal chamado néboa

Leticia Costas

Xerais, 2015

O verán de 1941 precipitouse cruel e feroz sobre Leningrado, toldando a cidade de sombra. O rumor dun posible asedio alemán levaba meses pairando polas rúas como un mal agoiro, agardando o momento perfecto para converterse nun feito. Os soldados de Hitler estaban moi cerca. Levaban semanas e semanas avanzando nesa dirección, arrasando con todo o que atopaban ao seu paso. Eran unha fervenza de ácido sulfúrico derramado sen control sobre a pel das cidades. Os seus cerebros estaban programados para destruír, para aniquilalo todo ata a cerna. Ante o temor ao asedio, miles de nenos foron evacuados de Leningrado. Os rusos sacábanos da cidade a centos, trasladándoos a lugares máis seguros. Negábanse a que os seus fillos tivesen que vivir aquel drama. Pouco a pouco a cidade foi baleirándose de cativos e de sorrisos.

(ibídem, p. 17)

Os kamikazes

A palabra kamikaze significa “vento divino”. O certo é que os pilotos nipóns que se precipitaban contra os seus obxectivos sen temor á morte lembran máis un lóstrego ca unha refolada de vento. Pola súa rapidez e a súa capacidade de devastación. O poder do fanatismo é necesario para comprender como é posible que mozos de 17 e 18 anos, con toda a vida por diante, fosen recrutados para cumprir un mandato divino. O único xeito de acadar a gloria, lograr unha posición destacada no paraíso dos deuses e a veneración futura dos seus semellantes era entregarse ao exército do voluntariado suicida. E eles, igual ca mansos cordeiros, atacaban á fronte a banda branca coa bandeira do sol nacente, símbolo da Armada Imperial nipoa, bebían un vaso de sake e despegaban cara ás poutas da morte.


O almirante Takihiro Onishi, fundador do corpo dos kamikazes, entendía que era unha obriga sacrificarse polo emperador e pola patria. A morte tiña un significado. Era o seu deber procurar un final glorioso. Este ideario penetrou coma se fose veneno nas mentalidades de centos de mozos, que se alistaron no exército nipón do aire. Unha vez alá arriba, cando xa tiñan localizado o obxectivo, lanzábanse directos contra el despois de berrar “longa vida ao emperador!”. Logo, as radios retransmitían o asubío previo ao impacto e máis nada. Tan só o silencio da morte.

Unha xeración de xaponeses perdeuse naqueles embates de suicidios masivos. Occidente non estaba preparado para comprender o significado do sacrificio. E mentres os americanos invadían as illas nipoas, os kamikazes xogaban a ser bombas humanas.

(ibídem, pp. 52-3)

O *Little Boy* deixou o avión ás 8:15 h, despois de que o comandante abrise as comportas. O *Enola Gay*, de súpeto liberado de 4.500 quilogramos de peso, deu un chouto no ceo. A tripulación sabía que en corenta e cinco segundos ía producirse unha explosión, Paul encargárase de advertilos. Nese preciso instante, o avión estaría xa a salvo, a dezoito quilómetros do punto cero.

-Corenta e un, corenta e dous, corenta e tres, corenta e catro, corenta e cinco -contaron todos ao unísono, en voz baixa, como unha ladaíña.



De súpeto, un prodixioso resplandor agromou do corazón da materia, cegando os aviadores, que estaban protexidos por lentes metálicas e herméticas. Deseguido, un inmenso fungo flamexante elevouse apoderándose do ceo.

O artilleiro da metralladora de cola, unido aos seus compañeiros de tripulación polos auriculares, exclamou:

-Meu Deus, que é o que acabamos de facer?

O que acababan de facer era provocar un incendio terrorífico que se propagou a toda velocidade. Un vento infernal con forza de mil douscentos quilómetros por hora arrincou as fiestras dos edificios, rebentou as paredes, reduciu a cidade a cinzas e desperdicios atómicos. Os tranvías detivéronse de súpeto cos seus pasaxeiros calcinados sobre os asentos, os transeúntes empezaron a sangrar polos oídos e pola boca de xeito espontáneo. Os seus corpos cheos de bochas retorcíanse no límite da dor. Estaban a desintegrarse baixo o fungo máis perverso de toda a Historia. Hiroshima xa non era unha cidade. Era un corazón diseccionado na apocalipse.

Durante máis de seis horas, un ciclón de fume e lapas bramou de cólera como unha besta. E logo fíxose o silencio máis terrible. O silencio da morte.

(ibídem, pp. 96-7)

O día en que Nagasaqui voou polos aires baixo o estoupido da segunda bomba atómica, Andrea bambeábase no seu mexedor de vimbio. Levaba así tres días, abaneándose de xeito mecánico como unha boneca que ten o mecanismo do movemento activado e non pode parar. Soubo que Nagasaqui fora aniquilada por unha emisora de radio que retransmitía as últimas novas da guerra.

Meses despois, Harry S. Truman, o presidente estadounidense que dera orde de lanzar as bombas, creou a Comisión de Víctimas da Bomba Atómica, que someteu a exames médicos os hibakushas. Para Andrea aquilo non era máis que unha farss, un lavado de cara inútil que non podería devolverlle a vida a todos os mortos.

Andrea estivo a piques de perder a cabeza. Converteuse nunha pantasma de ollos inchados e barriga grande...

Mentres, no interior do seu ventre, un bebé trataba de sobrevivir flotando nun líquido amniótico que destilaba un estraño cheiro a traxedia...

O que non agardaban nin Paul nin Andrea era que o neno fose nacer cunha estraña malformación. Andrea pariu nunha tarde de febreiro de 1946 a Hope Tibbets, un bebé co corpo cheo de chagas...

O día en que a bomba atómica asolou Hiroshima, Andrea deixou de amar a Paul. E ese mesmo día, as chagas abriron a carne de Hope no interior do ventre da súa nai. Pero iso era algo que ningún dos tres sabería xamais.

(ibídem, pp. 101-3)

O pesadelo empezou en Mauthausen. Himmler autorizou a creación dos Sonderbauten convencido de que premiar os reclusos con favores sexuais aumentaría o seu rendemento nos traballos forzados na canteira. Traballarian máis e mellor se sabían que existía un premio á produtividade. As SS empezaron a recrutar polacas en Ravensbrück coa única idea de envalas a Mauthausen para empezar a prostituílas. Aí empezou o calvario de Martha. Tiña só vinte anos, os ollos brillantes como dous planetas e o pasado tinguído de loito. Toda a súa familia morrera nas mans asasinadas das SS. Tamén ela ás veces desexaría estar morta. Para non sentir. Para non ter consciencia das dimensións do desastre. Coma no momento da súa chegada ao inferno.

(ibídem, p. 134)

Polo día Martha e as demais prostitutas dedicábanse a limpar e arranxar o barracón. E aínda que aquel traballo non era nada comparado coas durísimas tarefas que desempeñaban en Ravensbrück, pasaban as horas agardando co estómago encollido a cseegada da noite...

Antes do inicio dos encontros, obrigábanas a pasar pola enfermería, onde lles inxectaban un líquido por vea, cortesía das empresas químicas que servían a ideoloxía nazi. Ningunha das presas sabía que era aquilo que lles metían no corpo. Despois das inxeccións, tiñan que quitar a roupa, deitarse sobre unha camilla metálica e abrir as pernas para que lles inoculasen na vaxina unha especie de desinfectante. Listas para a faena. Había dúcias de homes agardando por elas, pero moi poucos eran presos... os nazis non podían desaproveitar aquelas escravas que estaban alí só para complacer... Todos agás os altos mandos e os xudeus podían gozar daquelas mulleres.

(ibídem, p. 143)

Tras a cacería, os nazis foron trasladados ao hotel de luxo que o coronel Andrus se encargara de transformar en prisión. Foi ese un estraño período. Os líderes do antisemitismo estaban como quen está de vacacións. Tomaban o sol, fumaban puros, paseaban polo parque vestidos cos seus uniformes e as súas condecoracións. Aquilo non semellaba un encerro. O que non sabían era que en Nüremberg as obras avanzaban a unha velocidade vertixinosa... Cando as obras estiveron rematadas, Andrus trasladouse ata alí. Paseou con calma polos corredores baleiros deixándose levar polo eco dos seus propios pasos, visitou as celas espidas, pisou o chan do patio con unha seriedade imponente. Ao remate da inspección tan só deu unha orde...

-Quero que os marcos das portas e das fiestras se pinten de negro. Coma os coches fúnebres.


Quizais naquela frase o coronel Burton C. Andrus non estivese máis que expresando de xeito inconsciente o desexo de que aquel xuízo rematase con varios cadáveres. Non entendía a actitude do pobo alemán. A maioría da xente estaba tranquila e mostraba unha exasperante indiferenza, aínda sendo coñecedores de que entre as súas filas tiñan aos asasinados máis crueis e sádicos de toda a historia.

(ibídem, p. 154)

Minutos antes da morte, os xudeus son obrigados a espirse. Algunhas mulleres berran histéricas e son apartadas á forza polas SS, que as agarran polos cabelos, arrástranas e logo elimínanas cun aséptico disparo na caluga. O resto continúa na ringleira. Homes, mulleres, nenos. Familias enteiras que choran por dentro no berce do drama. Os nenos de caras pálidas e ollos afundidos nunha poza de dor hai que eliminalos sen miramentos. Do contrario, no futuro serán fillos adultos de xudeus asasinados con sede de vinganza. Antes de entrar no que eles pensan que é unha sala de desinfección, córtanlles o pelo... Son tantos os xedeus que meten nas cámaras que cando morren permanecen en pé, aprisionados uns contra os outros, abrazados no espasmo da morte...

Cando todo remata, soldados con máscaras antigás abren a porta e sacan os corpos. Entón chega o momento de repartir o botín. Hai unha sección encargada de sacarlle aos mortos os aneis, moas e coroas de ouro... Ao finalizar, chegan os camións nos que se amorean os corpos. Centos de corpos. Bonecos sen carne, esqueletos co número de prisioneiro tatuado no brazo. Un recordatorio que os acompañará ata a outra vida a todos eles.

(ibídem, pp. 182-3)



Vento de amor ao mar

Adela Figueroa
2003

Mar

Ouh! mar
que beixas a minha praia
con beixos de sal e piche,
di-me mar:
quen vai á guerra?

E as ondas do mar
cantaron:
son os pobres
os que van
son os pobres os que morren.

Di, meu mar,
mouro e cincento,
porque morren
e
matan
homes e mulheres
no Irake?

E as ondas do mar
dixeron:
é a orden
é a ambicion,
é o poder
do poderoso.

Até cando,
meu mar,
vas levar,
vas traer
barcos de morte
sobre as tuas ondas
de vida?

E as ondas berraron:
eu ben quixera...
Nunca mais!

E asi podermos
rosmar tranquilas
apenas cantos de berce
e de
arrolos.


Alto!

Alto! Alto!
As mans en alto!
O brazo dereito
Ocupado
Coa meninha no colo.

Corre rapaz!
Non deixes atrás
A tua irmá!
Irmáns,
Todos somos irmáns!

Quen dispara?
Son os nosos!?
Non!!
Son os outros!
Alto!
Quen vive?
Quen morre?:
Todos
Toda a familia.
Ilan xuntos,
Apertados.
Fuxindo no camiión.
Por qué?
Non o sei.
Temos medo, sede e fame
En Nasiriya, en Basora;
Na terra
Onde os homes inventaran
A escritura.

https://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Vedeamao1&alias=Adela+Figueroa&



Flores de ferro

María Rei Vilas

Galaxia, 2020

... Todo cambiou aquel ano no que o cuco non cantou... Había tempo que Olga andaba preocupada. Cada vez que ía á vila, volvía cunha sombra de pesadume no ánimo...

... Un día, Olga contoulle que don Daniel e os demais parecían alarmados. Dician que a República estaba en perigo, que os militares conspiraban contra o Goberno. Antón escoitábaa, pero non sabía que dicir. El nada entendía de política.

... o canto do cuco non se oíu.

-O cuco non canta cando chega o fin do mundo -dixo ela.

E non se equivocou.

Porque o mundo virou do revés. Foi como se alguén abrise as portas do inferno e o mal prendese como lume na louza seca. E xa non houbo máis que medo. Medo a morrer, a que matasen os teus, ás feridas da alma, que eran peores que a mesma morte. Houbo quen se agochou, quen fuxiu e tamén quen toleou, que case era a mellor maneira de escapar e, moitas veces, a única. Tamén houbo mulleres e homes que venceron o medo e loitaron. E perderon. E houbo quen traizoou os seus por seguir vivo ou, simplemente, por arrimarse ao poder.

Unha e mil veces, Antón lamenta o cego que estivo. Olga intentou abriulle os ollos, pero el negouse a crer que moitos se volveran lobos, que non te podías fiar de ninguén, que o mesmo compadre ao que dous días antes lle confiabas os teus fillos e tratábachos con agarimo, agora podía acusarte ou, peor aínda, podía andar ao axexo e aproveitar a noite para vir con outros e sacarte da túa casa, acusado de non se sabe que crimes, e o amencer encontrábase nunha gabia cun tiro na cabeza. E así foi. Non quixo velo, pero estaba a suceder.

Cando se deu conta, cando o mal o alcanzou a el tamén e xa non puido mirar par outro lado porque xa non había para onde mirar, foi demasiado tarde.

Os que sobreviviron aprenderon a respirar o aire envelenado do inferno. Erguíaste pola mañá, e mentres te afeitabas diante do espello, non sabías se estabas a contemplar a cara dun home ou dunha besta. Porque iso fixo deles aquela guerra sen fronte e sen fin. Porque cando a terra foi dos lobos, só quedou ouvear coma eles, sen un máis... foron moitos os que, coma el, calaron, baixaron a cabeza para non ver o que acontecía ante os seus ollos. E tamén non facendo se mata, tamén apartando a vista, calando e quedando quieto, mátase.

(ibídem, pp. 228-30)



...Para conseguir calquera traballo, por miserento que fose, necesitabas un informe favorábel de don Vicente Portela. Ou do cura, pero por aí tiña pouco que facer, porque o crego de Briana embarcouse nunha cruzada contra todo o que, segundo el, fose inimigo de Deus, e iso incluía a quen amosara algunha afinidade pola República... cando xa non tiven que darlle de comer aos fillos, arrastreime ata o tobo dos lobos, aceptei ser un deles. Nunca participei en mortes ou cacerías de xente... Fíxeno por necesidade, pero tamén por medo, por cobardía. Por medo renunciei á verdade, pechei os ollos para non ver, para poder negar, para non contemplar o que non había ser capaz de esquecer. Por medo pechei os oídos, para non escoitar os berros da barbarie, da dor, para non oír as vítimas nin os verdugos. Por ese mesmo medo calei. Camufleime entre eles para pasar desapercibido. Calei o que pensaba e acabei por non pensar. Silenciei o que sentía e acabei por non sentir. Disfraceime e o disfrace fíxose pel. E, un día, deime conta de que xa non sabía quen era, quen fun...

(ibídem, pp. 377-8)

...Pasa as fotos unha a unha, en todas distingue ao seu pai, debe ter vinte e tantos anos, en todas ten o mesmo uniforme e o mesmo aire marcial. Nun aparece el só montado sobre un cabalo branco; noutras, entre grupos de homes, uns con uniforme, outros de paisano, pero todos facendo o saúdo fascista... En case todas distingue a sotana negra dun cura.

...Seguramente seu pai gardou estas cousas baixo chave precisamente porque quixo esquecer esa etapa da súa vida. Porque sabía que lla podían botar na cara no futuro. Por que Froilán non anmosa con el a mesma indulxencia que con Antón? Por que o acusa de crimes atroces, mentres reverencia o vello ferreiro? Os dous foron amigos, os dous estiveron no mesmo bando. Estes obxectos non significan nada: moitas persoas víronse atrapadas na guerra e tiveron que tomar partido, por necesidade, por pura supervivencia. Seu pai non é un criminal, tan só un home de negocios solitario, atormentado pola morte prematura da súa muller. Súa nai casou con el, tivo dous fillos del. Se ela non tivo en conta o seu pasado, a pesar de ser filla dun republicano, quen é esta xente para xulgalo despois de medio século?

(ibídem, pp. 406-7)



Dende o conflito

María Reimóndez

Xerais, 2011

Para comprender as maiores traxedias do mundo rara vez fai falla ir lonxe. Todas se resumen no ascenso ao poder de caracteres, sen dúbida propulsados por intereses que favorecen, encantan e estupidizan parvos cómplices, que se atopan nas nosas inmediacións cada día.

...Teño para min que este tipo de homes nacen porque hai ao seu arredor unha sociedade que todo lles consente, unha sociedade que os fai sempre protagonistas, que valora o seu coñecemento por enriba do das outras. Unha sociedade que observa e cala. E o calar é sen dúbida o máis terrible. Calar ante o despotismo. Calar cando alguén se atreve a dar o paso e mesmo atacar a quen o fai. Calar as voces de quen fai comunidade, vida e sociedade dende outros valores... Calar ante o principio de calquera despotismo é o motor de todas as grandes traxedias da humanidade. Calar ante o pequeno, ante o próximo, ante o familiar e achegado. Así comezou tamén sen dúbida o III Reich, calando, como dicía Brecht, ante a inxustiza cara a uns e cara a outros, mentres no fose contra min. E daquelas xa é tarde.

(ibídem, pp. 187-8)

Toda sociedade humana leva a semente da guerra no seu interior. E resulta increíble o pouco que fai falla para que dea froito. Atérrame a fácil transformación de calquera lugar nun campo de batalla, nun campo de horror, coma se algo asexase no interior das sociedades humanas, contido por mecanismos incomprensibles e liberado cando as circunstancias varían só un chisco, como untisnar de brasa no vento. Os signos, claro, sempre están aí e hai quen sabe deles e alimentalos: a guerra incesante contra as mulleres, ao maltrato aos colectivos inmigrantes, ás persoas empobrecidas... Mais o que me interesa, o que me perturba, é o cidadán de a pé, a cidadá de a pé, que deixa a súa aparencia, os seus modos, as súas pequenas fallas para converterse, directa ou indirectamente, nun asasino. A diferenza de situacións como a invasión de Iraq e de Afganistán, as guerras adoitan darse no interior das sociedades.


...ás veces abonda unha ruptura coa "normalidade" para que se active o mecanismo asasino en persoas que o día anterior pensaban nas cousas máis banais... Mais o perturbador é, insisto, a presenza da semente da guerra nesa normalidade...

Como foi o que aconteceu, nesta e en todas as cidades alemás, que pasaron da vida do día a día ao xenocidio nun tempo relativamente curto. Do cabaret berlinés dos anos vinte aos campos de concentración, os bombardeos e a destrución que non deixou pedra sobre pedra. A guerra agóchase, como ben demostra Berlín, o epitome de todas as verdades sobre a guerra e a paz. Mais no medio de todo este panorama triste e desolador habitan as persoas que se negan a converterse en asasinas. Que morren por esa idea, que non entran na droga de matar... elas son realmente as únicas que para min representan a humanidade...

(ibídem, pp. 207-8)

A guerra representa a fin do mundo coñecido. Representa a fin das certezas... As persoas que vivían comodamente viven agora na rúa. As que vivían na rúa moitas están mortas. Non queda nada do que foi e ninguén sabe nada do que será. O único que queda é agardar e comezar coa reconstrución, se é posible. En Alemaña foino e non por humanidade, senón por pura xeopolítica. Esa mesma que agora fai que o ceo sexa unha masa inflamada permanente en tantos outros lugares do mundo. Por iso adoito nas fins das guerras segue sen haber nada que celebrar.

(ibídem, p. 232)



camuflagem

uma das soluções que encontrou a cidadania republicana para se livrar do passeio, do fuzilamento, da depuração administrativa, do rapado público de cabelos, do expediente de responsabilidades políticas, da apreensão de bens, das sanções económicas, das sovas na escola ou das inabilitações foi passar, de uma ou doutra maneira, ao bando franquista: ir voluntário á frente, afiliar-se à falange, à secção feminina, voltar à missa diária, informar sobre vizinhos indiferentes e opositoras vizinhas.

por isso devemos governar com máximo cuidado a documentação que mostre adesões ao regime.

com o mesmo máximo cuidado que devemos interpretar os testemunhos desculpadores oferecidos por mulheres maltratadas.

(ibídem, p. 89)

ricino amargo

a tia ubaldina pôde desfilhar ousada entre as parroquianas, vestida em preto, saia por baixo da barriga das pernas, pano enluidado na cabeça, tudo pobre e franquista, sim. Por enquanto, era irmã do manuel de portaris e as humilhações tinham linha de demarcação na honra familiar.

Outras não gozaram dese limite no assanho. outras desfilavam obrigadas, para escárnio público e constringida raiva. umas vezes eram rapadas antes, privadas da beleza, do cuidado dos seus morenos cabelos e trançados. outras vezes a rapa era feita em público e acompanhada de expiação con ricíneo óleo.

a vida feita literal purgatório. simbólico inferno.

(ibídem, p. 95)

o electricista


castor cordal também se agachara. lobo no tobo. era da cnt e não merecia perdão. os rastreadores indígenas outearam entre as silveiras, seguiram as pegadas da delação e deram com a presa. foi levado ao paço de fefinhães. todos os dias ia o papai perguntar por ele. todos os dias escuitava fora os gritos das malheiras. e todos os días recebia como resposta: do teu filho nada sabemos, fugiu uma noite a portugal.

aparecido

um dia chegou un vizinho abafando, de andar às alancadas. só por dar aviso ao homem: não busques máis, teu filho castor está em barro, malhadinho e todo despido. não busques máis, levavam-no amarrado a uma escada para o soterrar. não busques máis, os caçadores deram-lhe o tiro de graça.

não fugira a portugal, o pai já o sabia.

(ibídem, p. 168)



Homiños que ides á guerra,
porque vos obriga a lei
ou a ambición vos empuxa
e vades a merecer
grande renome na historia
e o favor do voso rei
e posición elevada
e gran soldo e gran poder,
e porque sodes valentes
unha estatua pretendedes:
Que merecen esas monxas
que vos seguen por todas as partes,
que curan vosas feridas
e soio por facer ben,
sen paga nin recompensa
expoñéndose á morrer
polos campos de batalla
solicitas van e veñen?

Eu tiña un filliño soio
e leváronmo para a guerra,
maldito quen a inventou!
mil veces maldito sexa!


.....

Soldado que ves da guerra,
dime se viches o meu ben,
a clara luz dos meus ollos
lémbroute acaso ao morrer?

.....

Vou morrer, dos meus traballos
quizais Deus se compadeza
que garda os premios da gloria
para quen padeceu na terra.
Quizais tras do azul do ceo
un rico pazo me teña
o Eterno Rei preparado
cheo de gozo sen penas.
Endexamais sentirei fame,
nunca dese sol que queima
os raios abrasarán
a miña fronte cuberta
de suor polo traballo;
nunca sufrirei a afronta
de que me boten do lar
por trabucos nin por rendas;
non tirarán dos meus brazos
os meus fillos, esas prendas,
eses anacos da alma
que ven arrincarme a guerra.
A doce paz do sepulcro.

https://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=FoPoGa++1&alias=Filomena+Dato+Muruais&



Textos carboníferos [poemas anteriores a 1997]

Estíbaliz Espinosa
Biblioteca Virtual Galega, 2007

Figura histórica anónima

Criei en mans de veleidosas nodrizas.
Os cónsules aromatizaban con talco a súa impericia,
os seus ventres castigados
a estancia do tempo nas súas meixelas
os seus ollos coma orbes sepultadas.

Nada me aprenderon do amor.
En troques, todo canto sei
de guerra
a eles débollo.

Das nodrizas gardo un arrecendo denso
e cada particularidade dos seus xeonllos.

O sardónico sorriso dos cónsules.
O seu xogo axitado e nervioso
propio de perdedores.
A súa inqueda astucia.

Caín coma un rei no seu taboleiro.
A miña fronte aberta na madeira paríu un novo imperio.
A cobiza dos homes é a mesma
só cambian a pericia e o momento.

E xa o meu nome mármore?
Son xa as letras nun libro?

Alguén estúdame e recítame nunha clase.
Fóra chove,
como nos poemas.

https://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=teca%5Bpan1&alias=Est%EDbaliz+Espinosa&



María Casares. A célebre refuxiada, a descoñecida

Arancha Estévez

Aira Editorial, 2022

Pertenzo a unha xeración... que en Francia vén de fóra... ese eterno rabaño de emigrantes ou de exiliados que, fóra, sacados das súas terras, atópanse na situación de ter que facerse dignos de vivir.

(ibídem, p. 32)

Cando cheguei a París todo era donjuanismo e aventura. Sentín o exilio moito máis tarde e decateime de que cando unha persoa está exiliada unha vez, estao para sempre.

(ibídem, p. 70)



Un cesto de mazás. Memoria das vítimas

do 36 e do tempo que veu

Montse Fajardo

2015

Manuela chegou á avenida de Buenos Aires e logrou ver a Amando antes de que o fusilaran. Viuno a el e viu as caixas de morto, todas postas en fila xunto ao paredón nunha ringleira de espanto. Caixas feitas de casqueiros, agardando por eles, unha seguida da outra, e despois outra e outra máis. E antes de que pasase todo botárona de aí, sacárona do paredón e ela marchou correndo á vila e foi chorando ata a funeraria para mercarlle ao seu home un ataúde de pino, porque non quería que o enterrasen naquelas caixas de casqueiros da ringleira, non quería por nada do mundo e por iso levoulle ela un ataúde, andando, enriba da cabeza, desde o centro de Pontevedra ata o lugar da execución. Cando chegou xa o mataran, xa lle deran o tiro de graza. Amando recibiu catro balazos no tórax e un no abdome e logo metérono na fosa 13 do cemiterio de San Amaro...

(ibidem, p. 39)

Josefina pasou dezaioito meses no cárcere, afastada dos nenos. Nunca chegou a ser xulgada. Non tiñan de que, e aínda que aos fascistas iso nunca lles importou, a ela non a procesaron, a ela esquecérona nunha cela ano e medio sen parodia de xuízo nin condena. E cando saíu... e puido por fin abrazar os tres cativos que, tras vela pasar nun coche repleto de gardas, agardábana impacientes na porta mentres subía as escaleiras, decretáronlle outros dous anos de arresto domiciliario tamén para os nenos. Non podían saír da casa, nin a xogar, nin á escola, nin sequera ao médico. Tamén eles estaban presos.

...O que máis coraxe lle daba a Josefina era que moitos dos cívicos que montaban garda foran alumnos de Bibiano. Até hai catro días, ían alí consultar os libros e charlar co seu profesor de ciencias e agora asustaban aos seus fillos...

...E logo estaban os rexistros. Revolvían toda a casa buscando xente agochada e cando non atopaban a ninguén, volvían e revolvían... Furgaban ...e aínda que non atopaban nada, cortaban a liña do teléfono... E un día viñeron e levaron todos os libros da biblioteca do pai. Aqueles libros que antes consultaban eran agora espoliados para encher outra biblioteca, a do Instituto de Ensino Medio no que o propio Bibiano fora director...

...A guerra rematara pero o peor estaba por chegar... A miseria da cela non doeu tanto como a miseria da xente. Os que antes eran amigos... insultaban agora a Josefina roja, a Josefina republicana... Como se fose unha apestada. Mesmo houbo quen protestou porque non a fusilaran...

(ibidem, pp. 47-50)


Republicanos en retirada entran por cada arteria dunha Alacante bombardeada ata a extenuación e sen motivos para resistir despois de que todo o país caese empurrado polas tropas franquistas. Murmurábase que o novo caudillo permitiría a saída cara ao exilio a todo o que quixese abandonar os retallos en que quedara convertida a vella pel de touro, e máis de quince mil persoas concentráronse no porto de Alacante en espera dun barco que os afastase da negra historia que aínda había de vivir España...

...As promesas de evacuación feitas por Franco non eran máis que un intento de ter aos últimos loitadores republicanos tranquilos e desarmados. Chegaron a cambiarlle armas por boletos para un inexistente embarque e os refuxiados esperarían en van polo que nunca chegaría. O 30 de marzo de 1939 a división italiana Littorio arribou ao porto alacantino e rodeou coas súas armas o pouco que quedaba da II República. Os suicidios convertéronse nunha pandemia entre os vencidos.

Para os que optaron por seguir respirando xa non houbo escapatoria... Todo Alacante converteuse nunha xigantesca prisión... Miles de detidos foron trasladados a prisións improvisadas en cines, reformatorios ou prazas de touros...

...Albatea foi o destino de miles de refuxiados, o escenario de ducias de mortes pola calor, pola falta de auga, pola inanición á que non puñan fin a sardiña e o chusco de pan que tiñan por toda ración...

(ibidem, pp. 166-8)



Para chegar a Palmira

María Lado

2007

...

para chegar a palmira, a casa,
gardou con teimosía ás mulleres tras as súas paredes.
ocultoulles as balas, os paseos, as noticias do fronte.

para chegar a palmira a casa fíxose resistencia no seu apego ás mulleres e á
terra.

e converteu a guerra en fariña escasa, en pan pouco, en fame.

despois chegou a radio
e a casa non puido ocultar por máis tempo os nomes dos desaparecidos.

porque para chegar a palmira, a casa
ten que crer firmemente que é a morte
a que busca aos homes,
sen máis rancor.

https://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=PachaPa+1&alias=Mar%EDa+Lado&



Memoria de cidades sen luz

Inma López Silva

Galaxia, 2009

Cando vimos aquel neno morto na cuneta coa nai chorando ao lado del, si que me sentín culpábel, e nin sequera souben por que. Foi coma se tivese que ser eu quen morrese un día e non o fillo doutros. A fin de contas, eu xa estaba vivo por casualidade e non tiña pais que chorasen por min. Vendo aquel neno e aquela nai, dei en matinar como sería Lucía se a min me matasen os requetés, se viñesen por nós en Xixón ou en Santander e me torturasen para que ela dixese onde se agachaban os seus amigos, en que faiados, onde nas palleiras, nas adegas de quen. Falaría Lucía se me torturasen a min ou se me matasen coma o neno morto da cuneta?

(ibídem, p. 89)

...xa en París e transcorridos os meses, o 1 de abril de 1939 me pasou desapercibido. Só souben que acabara a guerra de España porque Lucía, esa noite, agarrada dun vaso de whisky, dixo: "Agora si que é seguro que non imos volver nunca máis". Aínda que, de certo, recuperou a esperanza pouco despois, escrutando de alí en diante os xornais e revisándoos no máis íntimo dos seus insomnios por se un día morría Franco.

(ibídem, p. 102)

O que é o azar, a casualidade incluso: vivín a guerra de neno e, cando me tocaba ser soldado, quedei no París ocupado por Hitler e a súa recua de neuróticos, nese París que eu contaba antes, o que, contra todo prognóstico, pareceu impasíbel, co seu propio ritmo.

(ibídem, p. 126)



Juana de Vega. A muller que desafiou o seu tempo

Marilar Aleixandre e Emma Pedreira

Galaxia, 2022

O desterro era unha ferida non curada que proía en min día a día ao longo de dez anos. Vivía esgazada entre a mágoa do exilio e o orgullo polas homenaxes. Mina foi recibido en Inglaterra como un heroe. Sentía, si, agradecemento ao país que nos acollía, mais tamén saudade pola miña nai, pola miña terra.

(ibídem, p. 56)

A presenza de Mina, unha lenda, na guerra carlista significaba moito para levantar o espírito do exército; compartirei as vosas fatigas, díxolles en éuscaro, e cumpriuno. Necesitaba o meu apoio e cabalguei canda el vestida de home, chamáronme a Xenerala.

(ibídem, p. 62)

A noite do sete de outubro de 1841... tiven que enfrontarme ao salto do palacio [real] e ao intento de rapto das princesas. A traizón da garda permitiu que uns amotinados, prendéndolle lume á escaleira principal, se dirixiran aos cuartos reais. Desde alí escoitabamos as descargas de fusil e dúas balas deron nas fiestras, rompendo os cristais. O comandante Dulce e os seus dezaioito alabardeiros defenderon o palacio sitiado até a retirada dos sediciosos.

(ibídem, p. 68)



Partisanas da vida

Elles, corps intègres premiers principaux, s'avancent en marchant ensemble dans un autre monde.

Monique Wittig

A necesidade ordena a vida como coloca as moléculas dos corpos. E flúen as atraccións coa forza das mareas. Somos fillas do movemento cósmico, do equilibrio xusto, da ilimitación definida nos lindes precisos do universo. Vimos nese mar sen fondo. Desde as orixes. E nas correntes interiores dos nosos líquidos levamos o turbillón das galaxias.

E cando a discordia se desata. Cando o espanto bestial roxe propagando a morte. Entón ceibamos as furias da memoria que lembra todos os cheiros tristes do sangue das nais violadas, dos pais castrados e todas as seqedades fétidas do aire sen o alento fresco das criaturas.

Quéimase o mundo e arde Troia.

E entón saímos con fachos acendidos pola paz, cinguidas de serpes danzantes pola vida, axitando trallas ameazantes contra a morte.

Guerrilleiras do amor fronte ao poder e a gloria.

Asemblearias sen formar pola disolución do exército.

Milicianas do mundo derrubando fronteiras.

Mandas pacifistas de facer o amor e non a guerra.

Manifestantes de negro con luces na alta noite.

Resistentes de túnicas brancas en folga de fame pacífica.

Disolutas dispensadoras de praceres que matan os horrores e os espantos.

Fermosas fillas de Helena eliximos a Paris porque escollera Afrodita.

Reclamamos irmáns na nosa causa. Seremos desleais ás falsas lealdades.

Insubmisos ás leis de recrutamento. Situarémonos fóra do aceptable. Porque non aceptamos a inevitabilidade da guerra.

Fomos nados para a vida e eu nacinna a ela pracer tras pracer para que non ma maten, para que medre no medio da alegría.

Que o noso lume non queime as nosas casas.

Que outro noso lume faga resplandecer o mundo.



A guerra colonial como destino

A guerra nas colonias afriacanas comezara anos antes, en 1961, tras décadas de revoltas e a tentativa absurda de Salazar de negar o evidente. A súa teima diplomática de “orgulhosamente sós”, indiferente ao devir da política internacional, acadou no conflito intercontinental un dos seus maiores expoñentes. Angola destapara o tapón da botella dos conflitos ó que Mozambique e Guinea nos dubidaran en se sumar. Toda a África portuguesa era un fervedoiro de pólvora e intereses comerciais naqueles inicios da década dos sesenta.

Sen embargo, e malia os titulares ameazantes da prensa polos altercados nas colonias, Dinís nunca pensara que el podía ser chamado a filas.

Simplemente non o pensara. Sentíase protexido por unha aura de quen sabe qué, mais non foi así, e o seu futuro debeu pagar peaxe no continente africado. Foi un dos poucos operarios da fábrica que non se alegrou de recibir tales noticias. Todos se sentían chamados para defender a unidade da patria, e o destino en países tan afastados daba a oportunidade para coñeceren algo máis qu o inmenso Pinhal do Rei, o xabre das praias inmensas e a calor das forxas. África semellaba un paraíso cheo de marabillas sen explotar. Tanto tiña a fronte en Angola, Mozambique ou Guinea.



Algunhas estrelas non caen do ceo

Quere estar turbio o ceo, Estrella,
avolto, coma un regueiriño de leite
que se cortou.
Quéreseche pousar no rabiño do ollo un
vagalume....Ai non, Estrella:
pareceume que che viña gana de chorar.

*Non sei a que anda teu home. Teu home non é obediente.
Aquela temperatura destetaba a primavera.*

A lúa e o afogo. Unha fe rouca extraviada.
Os paufferos da fuxida polas roldanas do vento.
A teu home colleuno a noite no lugar equivocado.
Da pregunta só quedaba o bordo. Unha fame sen arterias.
Un regueiro de leite
cortouse moi cedo aínda.
Sempre estivemos ao raso no lugar equivocado.

*Seica chega por alá teu home, todo perdidíño de vermello.
Era un lirio sen espiña a fala. A noite tentaba explicarse.*

A que anda, Estrella, teu home? Fala dunha vez: a que anda?

Unha maré de pescozos cos seus gritos ao cabalete.
Chegan de Ces e de Lousame, veñen de San Paio e de San Xusto,
marchan peóns e xornaleiros,
o brado antigo da loita obreira.

*Non se che ocorra, Manuel! A que habías ir ti co eses?
Unha arte de arrastre o peito. Palangre de fondo a voz.*

Aló polo alto de Urdilde prendéronos a case todos.
Era outono; babexaba outubro. A ti cortábaseche a vista.
Houbo cuspe e bestas que falan e fedor a culatazos

*Lévancho ao Monte do Bolo, escóitame o que che digo
Vannos sacando por lotes e Manuel vai no seguinte*

Sempre estivemos ao relento no lugar equivocado
Un trebón, unha enxurrada, un
corisco moi antigo.

Ti guindácheste para os camiños
coma cadela de espuma.



Dende Ousoño a Compostela
vai a pé unha estrela moura.
Romeiriña de amor polas estradas avaras.

A verdade xiraba e xiraba entre o lapso das súas tempos
negra estrela peregrina para falar co arcebispo.

Pareceume que se che pousaban
vagalumes na cabeza, Estrella.
...Ai non, que son
paxaros.
Quería alancar o mesmo tempo.

A rentes da catedral, mariscaban piedade aqueles ollos.
Estrella Trillo agarrada a unha nasa fronte a Quiroga.
Cada frase desprendíase da pel coma postelas.
Que toda culpa fora estar el no lugar equivocado.

E un púrpura caendo todo por ela coma un unguento.
Para que logo digades que a palabra non salva.

E, mentres, no tobo a humidade comiscaba no delirio.
O sol e a pantasma no lugar equivocado.
No lugar equivocado o cristal e o discurso.
A dádiva e o alento sempre onde non deberan.

Na cela coouse a mañá
coma se fose unha víbora.
Sacade aquel do lote! Seguide adiante co resto.
No canto dos ollos de Estrella
foi vivir un vagalume.

Como botar o cancelo a unha porta que non foi pechada
volveron traballar os ríos, continuou a auganeve.
Todo ecosistema remata por reclamarse.
Os ventres e os ocasos. O cancro da cerdeira.

E un gran letreiro, enorme, de beira a beira da aldea.
*Manuel Castaño Blanco colabora con cien pesetas
al movimiento de la Falange Española y de las JONS.*
Para que logo digades que a palabra non salva.
Para que logo digades que a palabra non salva!



MULLERES NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA GALEGA


Aurora Marco

Edicións Laiovento, p. 509

O día 20 de agosto de 1951 houbo dúas actuacións das forzas da Garda Civil: unha delas en Cruz de Meá, da que se informou supra, e outra en Caamouco, na casa de Josefa Vázquez Nesta inspección non atoparon ninguén mais descubriron o refuxio baleiro. A dona da casa foi xulgada (peza separada da causa 156/51) e condenada a trece anos de reclusión menor como responsábel de formar partidas armadas dedicadas al bandidaxe". O testemuño doutro encartado na mesma peza e causa cita das, Juan Vázquez Loureda Anido -enlace da IV Agrupación e dono da casa de Cruz de Meá onde había outro refuxio- lembra o caso desta muller:

Si, lembro. Era "Fina a Perocha", de Caamouco, que tiña o marido exiliado en Francia. Levárona ao cuartel cunha filla de 15 anos e coincidiu con elas a miña muller. Descubriranlle unha cova que tiña na mesma cociña que estaba camuflada debaixo, non tiña saída. Alí estivo Pancho bastante pero saía de cando en vez. A cova era pequena, só cabían dúas persoas. Cando a descubriron encontraron algún fusís. A esas si que lles zumbaron. A nena viña negriña. Anos despois lograron marchar a Francia co marido e pai. A chavala casou, creo que viviu en Madrid pero xa morreron as dúas.

Maria Josefa Vázquez Gallego debe ser, sen dúbida, a muller a que se refire Josefina González Cudeiro (Graña 2003: 84), aínda que confunda o lugar de procedencia (Fene en lugar de Caamouco-Ares), un feito lóxico despois dos anos transcorridos. Ao relatar a experiencia carceraria que finalizou en Alcalá de Henares, Josefina alude á grande amizade que tivo cunha muller de Fene, do mesmo nome que ela, Fina, coa que se crearon lazos case familiares. Con ela compartía as provisións que enviaba a súa irmá Luísa e, inclusive, cando obtivo a liberdade, para saír da cadea precisaba o nome dalgunha persoa que lle dese acubillo e alimento porque o seu home estaba exiliado en Francia.







Antes, durante e despois das guerras